

ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, faise saber que o alcalde ditou a seguinte

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER o Decreto 150/2023, do 25 de decembro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 243 do 26 de decembro de 20023.

LOGO DE VER que de acordo co previsto no artigo 26.4 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral (LOREG), corresponde efectuar o sorteo para a designación dos membros das mesas electorais, entre os días vixésimo quinto e vixésimo noveno posteriores á convocatoria, e que polo segundo estas previsións, corresponde efectuar o sorteo para a designación dos membros das mesas electorais, entre os días 20 e 24 de xaneiro de 2024.

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26.06.2023, acordou celebrar sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas; agás os plenos a celebrar o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023.

CONSIDERANDO que de xeito consensuado cos voceiros dos restantes grupos políticos por motivos organizativos resulta máis axeitado que a sesión correspondente ao mes de marzo por coincidir o xoves santo se leve a cabo o seguinte xoves día 04.04.2024 ás 19:00 horas.

TENDO EN CONTA todo o sinalado e pola competencia que me atribúe o artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local pola presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o:

Día: 04/04/2024

Hora: 19:00 h. a 1.^a convocatoria e ás 19:00 h. a 2.^a, dous días despois

Lugar: salón de sesións da Casa do Concello.

Orde do día:

- PARTE RESOLUTORIA

1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

1.1.-Acta da sesión ordinaria do 27/11/2023. Acta 10/2023.

1.2.-Acta da sesión extraordinaria do 05/02/2024.Acta 01/2024

2.- Aprobar se procede o expediente 2024/G006/000027 de recoñecemento extraxudicial 1/2024 previo levantamento de reparo de Intervención.

3.-Aprobar se procede o expediente 2024/G006/000028 de recoñecemento extraxudicial 2/2024.

4.- Aprobar se procede o expediente 2024/G006/000029 de recoñecemento extraxudicial 3/2024.

II PARTE DE CONTROL

5.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 53/2024 ata a 450/2024 do 26/03.

6.-Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 17/01 ata o 26/03.

7.-Dación de conta do expediente 2024/X999/000145 de rendición de contas de contratos e convenios do exercicio 2023.

8.- Dación de conta do expediente 2024/X999/000001 de execución trimestral do 4º trimestre 2023.

9.-Dación de conta do expediente 2024/X999/000002 de período medio de pago 4º trimestre 2023.

10.- Dación de conta do expediente 2024/X999/000003 de morosidade do 4º trimestre 2023.

11.- Dación de conta do expediente 2024/X999/000004 de fiscalización plena ano 2023.

12.- Dación de conta do expediente 2024/X999/000140 de liquidación orzamentaria exercicio económico 2023.

13.-Dación de conta do expediente 2024/T004/000001 de plan orzamentario a medio prazo período 2025-2027.

14.- Dación de conta do expediente 2024/X999/000074 de variación neta de activos financeiros ano 2023.

15.- Mocións dos Grupos municipais.

16.- Rogos e preguntas.

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, REMITÍNDOLLES minuta das actas que se levan a aprobación e unha copia das propostas de acordo dos asuntos incluídos na orde do día, así como unha relación dos decretos dos que se da conta e dos reparos de intervención, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.oruso.gal/opencms/gl/>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.



En Oroso asinado dixitalmente pola secretaria en funcións
Ana María Liñares Castro